

**Acta núm. 14/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 07 de novembro de 2023.**

ASISTENTES:
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.
Non asisten:
Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 07 de novembro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2023, DO 10/10/2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2023, DO 10.10.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10.10.2023, acta núm. 13/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA YOLANDA FERNÁNDEZ MONTERO, na que comunica que vai realizar varias obras nunha vivenda sita no lugar de Soigrex n° 37- Bastavales, consistentes en:

- Construír un novo porche no lateral dereito da vivenda de 6,5 m. x 2 m. en planta, e unha altura de aleiro de 2,50 metros, de acordo coa documentación presentada.
- Ampliación do porche existente no lateral esquerdo, ampliando o existente en 4,5 m. de longo e cunha altura de 2,50 m.

A parcela (referencia catastral 7414706NH2471S0001DB) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación; ordenanza n° 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A cobertura dos porches deberá executarse con tella cerámica curva e retranqueándose como mínimo a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 79,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 143,73 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL JUAN SANTISO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai pintar en cor branca, as fachadas dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Sanín nº 6 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6636801NH2463N0001ML), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 66,00 euros.

.Total: 66,00 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIÁN GARCÍA GARCÍA, na que comunica que vai pintar a fachada dun baixo comercial sito nun edificio da Avda. de Noia 56 Baixo - Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6147313NH2464N0031QA), onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,00 euros.

Total: 8,00 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN ESPARÍS SILVA, na que comunica que vai realizar obras de arranxo na cuberta da vivenda de Gronzo nº 15, Brión. As obras consistirán en arranxar parte da cuberta da vivenda, substituíndo tellas desde a liña da cheminea ata o cumio do tellado, así como a colocación dunha albardilla na base da cheminea, a fin de reparar filtracións de auga.

A edificación (referencia catastral 2089801NH2428N0001WL), emprazase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS, na que comunica que vai realizar obras de reforma nun local comercial, sito na planta baixa do edificio nº 20, da rúa da Senra- Os Ánxeles, consistentes en:

- Ampliar o portalón de entrada existente ata acadar 3,20 metros de ancho.
- No interior do local, vaise executar un recrecido, con morteiro de cemento, así como repaso e pasteado da cara interior do cerramento, e tamén operacións de reaxuste na instalación eléctrica existente do local.

A edificación (referencia catastral 6546301NH2464N0001ID) atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBÉN MOURO SEGADE, na que comunica que vai facer obras de reforma nunha vivenda sita na Avda. de Noia nº 43 - Os Ánxeles, consistentes en:

- Substitución das ventás existentes da vivenda por unhas novas en aluminio.
- Trasdoso de fachada (sistema sate) con acabado acrílico en cor branca.
- No interior da vivenda vaise substituír o alicatado da cociña e baños.

A edificación (referencia catastral 6647303NH2464N0001GD), onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 132,15 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 196,72 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁLVARO VÁZQUEZ ARUFE, na que comunica que vai realizar obras de mantemento e conservación nun caseto destinado a almacén, emprazado no lugar de Cabanas nº 13 – Os Ánxeles, consistentes en arranxar o enfuscado da fachada posterior do caseto e posterior pintado do mesmo, así como obras de tapiado de ocos existentes e apertura de portalón de acceso nunha das fachadas do caseto.

A parcela (referencia catastral 5136607NH2453N0001RG e 5136609NH2453N0001XG), atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Non se poderá alterar o volume actual do caseto.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,33 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 96,90 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Luis Reboredo Arca, que di actuar en representación de IEC REBOREDO, S.L., na que comunica que vai cambiar os canalóns e baixantes do edificio de uso comercial, sito na Avda. de Noia 7, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6947405NH2464N0011BB), onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 59,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 123,57 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ PÉREZ FERNÁNDEZ, na que comunica que vai facer un acceso a dúas parcelas que dan fronte á estrada autonómica AC-543, sitas no lugar de Gundín - Os Ánxeles.

As parcelas (referencia catastral 5843708NH2454S0001RJ e 5843709NH2454S0001DJ,) atópanse emprazadas dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 31/03/2023 (expediente nº IF205D/AC/2022/0153), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A obra deberá axustarse ás condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 31/03/2023 (expediente nº IF205D/AC/2022/0153).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,85 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA MERA CONSTENLA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en O Cabo 27 – Os Ánxeles.

Con data 06.07.2021 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obra a MARÍA MERA CONSTENLA e GHALEB CONSTANTINO JABER MARTÍNEZ para construír unha vivenda unifamiliar en O Cabo 27, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o 04.06.2021 (expte. núm.2103275).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino, con data 18.05.2023, visado polo Colexio oficial correspondente con data 31.05.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 894,75 euros.

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 991,60 euros.

3º) Reintegrar á interesada a cantidade de 56,02 euros, que lle corresponde pola redución da superficie construída inicial, de conformidade co artigo 10.2 da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por José Manuel Carballal Veiga, que di actuar en representación de ADRIAN BLANCO VAAMONDE, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Bemil 37 – Bastavales.

Con data 21.12.2017 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza municipal de obra a Adrián Blanco Vaamonde e Ana Rita Paixao Peru, para construír unha vivenda unifamiliar, en Bemil 37 - Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/05/2017 e documentación complementaria presentada no concello o 07/11/2017 (r.e.4640) e o 17/11/2017 (r.e. 4807).

Con data 07.07.2020 a Xunta de Goberno Local concedeu unha prórroga de tres anos para o remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Bemil nº 37 - Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, con data 02.06.2023, visado polo Colexio oficial de arquitectos con data 13.06.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.032,09 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 81,73 euros.

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 1.210,67 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de Mª JOSEFINA SALGADO VILOUTA e MANUEL GARCÍA MOLEDO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina no lugar de Estrar 43- Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.09.2022 e 13.02.2023 (expte. núm. 2205036).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6940502NH2464S0001QZ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas

consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e atopase dentro da zona de policía do rego de Sanín e dentro da aldea de Estrar, incluída no catálogo do PXOM coa clave identificativa AC4.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.89534), da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia de data 10/10/2023 (expte. 322/23), e posterior corrección de erros de data 17/10/2023, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.09.2022 e 13.02.2023 (expte. núm. 2205036).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (75m² aceptados pola Xunta de Goberno Local de data 19/04/2022), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (soleira de formigón acabado de xeito que se perciban os áridos ou ben pola súa cor natural, gris), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 4.180,67 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 243,97 euros.

Total: 4.424,64 euros.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González